

# Retos para a cultura nun tempo de crise

Ramón Villares\*

Será necesario facer mudanzas en tempos de crise, tribulación e dificultades? En contra do prescrito na máxima ignaciana, penso que é tempo de acometer propostas de transformacións e cambios para facer fronte ao escenario esmagado polas desfeitas do capitalismo financeiro especulativo e ás súas inevitables derivas sociais e culturais. Os efectos da recesión alcanzan a todos os sectores productivos, tamén ás industrias culturais e ás factorías da comunicación e da información, referentes imprescindibles en todas as sociedades e moito máis na actual, fondamente caracterizada polo fluxo vertixinoso das comunicacións. A sociedade-rede, os espazos da creación e da expresión cultural deberían ser quen de ofrecer estratexias partilladas e alternativas, tamén económicas, nun tempo de xeral e pesimista desacougo. A cultura como alternativa, no canto de ser pensada como un refuxio saudoso.

Velaí un grande reto para este tempo de vacas fracas nun contexto marcado polas urxencias dunha Unión Europea en estado de confusión. Ese noso contexto europeo ten na cultura, entendida como espazo para a diversidade, un dos

---

\* Presidente do Consello da Cultura Galega. Membro do Conselho Cultural da Universidade do Minho.

seus sinais de identidade e dos seus activos dinamizadores. Atesoura un rico patrimonio histórico cun grande poder de atracción para o desenvolvemento e os intercambios turísticos co resto do mundo. Ten por diante a obriga de combater a desregulación dos mecanismos da economía e as finanzas, na fiscalidade. Pero tamén deberá reparar nunha mellor asignación dos recursos, agora moi escasos, na que non fiquen á beira as factorías da cultura e as súas evidentes capacidades innovadoras. Deberá pensar a cultura como un factor esencial para fomentar a cohesión social e para construír unha identidade europea que camiñe por riba de retesías de estados nacionais e de intereses económicos.

Moitos destes desafíos deben valer asemade para o espazo concreto como o da Galiza, unha nación-cultura coñecedora da importancia e da influencia do feito cultural na súa evolución histórica. A cultura deberá converterse nunha solución alternativa fronte ao devalo dos sectores productivos tradicionais, gravemente afectados polos efectos da globalización e da deslocalización. Haberá que acometer novas transformacións no escenario dunha sociedade de masas fortemente terciarizada – e nesta fase moi precarizada – na que as actividades de intermediación cultural son esenciais para garantir a cohesión social, reforzar a identidade colectiva e proxectar unha imaxe específica ao exterior. Unha sociedade democrática e de masas na que o sector cultural ten unha evidente tradución económica cifrada no caso da Galiza nun 2 % cento do seu PIB, non moi afastada do 2'6 % estimado para o conxunto da Unión Europea. Eso significa que o sector cultural debe ser visto como un compoñente básico da estrutura produtiva da sociedade actual e non como unha ocupación temporeira nun réxime de voluntariado.

No ano 2011 o Consello da Cultura Galega completou os debates entre o sector cultural e a sociedade cunha *Reflexión Estratéxica sobre a cultura*. Máis de cen persoas vertebraron ese diálogo que abrangueu desde as políticas culturais á proxección exterior, pasando polos contidos da cultura, as institucións e a súa relación co mercado. Partimos do feito de que a cultura, alén da súa misión identitaria, debe desempeñar un novo papel, ao abeiro dos cambios obrigados pola mundialización, os efectos da sociedade da información e as novas dimensións da cultura a que obriga a conformación actual da sociedade-rede e o impacto da crise económica na produción, a distribución e o consumo cultural. Mudanzas que están a demandar non só novos contidos da cultura,

senón tamén outras formas de entender as industrias culturais e de artellar as relacións entre cultura e sociedade.

Afrontar estes retos nun contexto de crise podería ser entendido como algo contraproducente, se se pensa a cultura como espazo de resistencia e non de oportunidade para lograr un mellor benestar para a sociedade galega. Por iso a parte conclusiva da *Reflexión* chama a atención sobre a necesidade de mudanzas moi profundas no campo da gobernanza da cultura e na aplicación dos procedementos de planificación, avaliación por organismos independentes do poder executivo e na instrumentación de mecanismos de rendición de contas. E inciste asemade no valor dos contidos da cultura como marca para a proxección exterior da Galiza. A cultura como espazo de diálogo e forxa da autoestima colectiva, pero tamén o campo en que é necesaria a mestizaxe e a concepción da identidade como un proxecto compartido. En definitiva, a idea da cultura como ponte que permita o diálogo intercultural, en primeiro termo coas culturas ibéricas máis próximas, as que teñen as linguas castelá e portuguesa como soporte comunicacional. Que a Galiza dispoña dunha lingua e unha cultura propias é unha vantaxe en termos relativos e unha oportunidade para aproveitar e proxectar o valioso legado que os nosos devanceiros nos transmitiron.

Nun contexto de incertezas sobre o porvir, penso que se debe avogar por pensar solucións, senón audaces alomenos creativas. Este é un momento histórico no que se precisa unha maior decisión e mesmo valentía para afrontar mudanzas e abrir novos vieiros cara ao futuro, dándolle a volta á moi conservadora máxima ignaciana xa referida no inicio. Porque considero a cultura como un sector decisivo na conformación das sociedades do terceiro milenio, na súa forza como elemento cohesionador e no seu valor como marca identitaria que diferencia sen excluir. E porque entendo que o sector da cultura debe ser considerado como calquera outro ámbito productivo, no que todos os seus actores, individuais e institucionais, deben converxer darredor de novas formas de o xestionar e gobernar a cultura. Collendo este camiño non só se modernizará a súa xestión, senón que se apostará por combater a crise económica, incorporándonos a un novo escenario gobernado pola innovación, a creatividade e a actuación en rede. A cultura tamén pode axudar a saír do túnel no que nos atopamos e abrir novos horizontes para o noso futuro colectivo.